

PIPPI MEDIASLONGAS NOS MARES DO SUR

Texto de **ASTRID LINDGREN**

Ilustracións de **INGRID VANG NYMAN**

Tradución de **DAVID A. ÁLVAREZ MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón. 16 x 23,5 cm. 112 páx. 17 €

ISBN 978-84-8464-488-0. Sete Leguas +

MEDALLA HANS CHRISTIAN ANDERSEN

A xente da vila puxera carteis visibles e ben colocados para os visitantes que quixesen ver os lugares turísticos. Nun cartel dicía «Ao museo local» con letras grandes e unha frecha cara abaixo. Outro cartel dicía «Ao túmulo prehistórico». Pero había un terceiro cartel. E nel dicía: «A Vilapenela»...

Pippi Mediaslongas ten a capacidade de converter nunha aventura abraiante calquera cousa que faga. Nesta ocasión, canda os seus inseparables Tommy e Annika, Pippi viaxará co seu pai, Efraim Mediaslongas, á illa de Korakora, onde o capitán é un poderoso rei.

«Pippi Mediaslongas nos Mares do Sur» publicouse orixinalmente en 1948 como colofón da triloxía formada por «Pippi Mediaslongas» (1945) e «Pippi Mediaslongas embarca» (1946). A recuperación deste clásico, coas ilustracións orixinais e restauradas de Ingrid Vang Nyman, permite seguir gozando das extravagancias desta figura icónica da literatura contemporánea: rebelde, transgresora e desclada, simpática, independente e extrovertida, Pippi rompe estereotipos e actúa de forma contestataria fronte aos maiores. Moitos adultos -ben no ámbito da literatura, ben da educación- escandalizáronse polos xestos e comentarios do personaxe e tildárono de mal exemplo para a infancia. Sen embargo, o éxito da obra literaria foi imparable, dando lugar a unha serie na televisión sueca e varias películas.

Nenas e nenos de todo o mundo teñen pasado horas inesquecibles de lectura ao abeiro das andanzas e das extravagancias de Pippi Mediaslongas, do seu mono señor Nilsson e do seu cabalo. Diversión, tenrura e humor, optimismo e ledicia son ingredientes deste clásico universal e imprescindible. Porque así é esta nena especial e única: explora os límites da audacia e da imaxinación, cuestiona a lóxica establecida, fai da espontaneidade e do humor a súa bandeira.



- **Temática:** as aventuras dunha nena rebelde, transgresora e divertida.
- **Idade recomendada:** desde 6 anos.
- **Aspectos destacables:** humor, aventuras, imaxinación; clásico da literatura infantil; autora galardoada en 1958 coa Medalla Hans Christian Andersen pola súa traxectoria, na que destacan «[Pippi Mediaslongas](#)» (Lista de Honra IBBY 2020 en Tradución e Premio Gala do Libro Galego 2018 na mesma categoría) e «[Pippi Mediaslongas embarca](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/pippi-nos-mares-do-sur-g>

Astrid Lindgren

(Suecia, 1907 - 2002)

Astrid Anna Emilia Ericsson naceu nunha granxa de Nås, na provincia sueca de Småland. Afeccionada a escribir dende moi nova, foi autora de máis de 60 libros pioneiros na defensa dos dereitos da infancia e das mulleres, da igualdade, da non violencia, da natureza e dos animais. Escribiu «Pippi Mediaslongas» para a súa filla Karin mentres estaba convalescente e a obra foi publicada en 1945. Converteuse nun texto de referencia en todo o mundo e foi traducido a numerosas linguas. Entre os moitos recoñecementos que recibiu Astrid Lindgren destacan o Premio Nacional de Literatura de Suecia (1957), o Premio Hans Christian Andersen (1958), a Medalla de Ouro da Academia Sueca (1971), o Premio da Paz dos libeiros alemáns (1978) e o Premio Internacional do Libro da Unesco (1993). En 2003 o goberno sueco instaurou o Premio Memorial Astrid Lindgren, o máis importante no eido da literatura infantil e xuvenil.

<http://www.astridlindgren.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com